

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE FEBREIRO DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 8/2015 DE 18 DE FEBREIRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 8/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 18 de febreiro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para reposición de muro de contención e peche na parcela sita no lugar de Vales da parroquia de Gresande, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 17/02/15 en concepto



Secretaría Xeral

de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 31,50 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para o exercicio da actividade consistente en carpintería de aluminio e madeira na nave 6, da parcela 10, da III fase do Polígono Industrial Lalín 2000, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 17/02/15 por importe de 500 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

4.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo arquitecto técnico municipal, de data 15 de xaneiro de 2015 en relación á petición **sobre información urbanística relativa á finca con referencia catastral 3230526NH7233S** e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 03/02/15 en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado **“SERVIZO DE DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN, CONTROL E PREVENCIÓN DE LEXIONELOSE EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE RISCO E CONTROL DAS CONDICIÓN TÉCNICO SANITARIAS NAS PISCINAS MUNICIPALES DE LALÍN” (CSE122014)** a **OTRAPLASA, S.L.**, polo importe de 5.488,08 € máis a partida de 1.152,49 € correspondente ao IVE resultando un importe de 6.640,57 €/anuais por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da Mesa de Contratación do día 11 de febreiro de 2015.

5.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“MELLORA DE**



Secretaría Xeral

CAMIÑOS EN LALÍN” Plan Marco 2014-2015 (CO012015), mediante procedemento negociado, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 203.930,98 euros (IVE incluído) e un prazo de execución dun mes.

6.- EXPEDIENTE DE CESIÓN DE BENS O CONCELLO DE LALÍN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

7.1.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Lalín para a celebración da **XXIª Gala de Gastronomía de Galicia-Premios de Gastronomía de Galicia-Premios de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro, na Feira do Cocido de Lalín**, de data 17 de febreiro de 2015, que consta de once cláusulas e facultar ó Sr. Alcalde para a súa sinatura.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de persoal dunha Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, no período comprendido entre o 01/01/2014 e o 31/12/2014, por importe de 29.696,75 €, e o reintegro de 2.168,34 € en favor do Tesouro da Xunta de Galicia, como importe non xustificado da subvención concedida, nº de expediente: TR 351B 2014/53-5.

8.2.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de contratación de 20 peóns correspondentes ao **PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2014**, por importe de 82.511,35 euros, remitir á Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida, e solicitar o pagamento de 40.692,55 euros, importe restante da subvención concedida ao abeiro do citado Plan.

8.3.- Acordouse aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos aos beneficiarios que figuran na relación que se achega a esta proposta e de acordo co informe técnico que consta no expediente.

8.4.- Acordouse a BAIXA no SAF para persoas en situación de dependencia, para varias persoas usuarias por pasamento, a AMPLIACION no SAF para un usuario en



Secretaría Xeral

situación de dependencia e a ALTA SAF para unha persoa en situación de dependencia.

8.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos dos CAMPAMENTOS por importe de 24.207,65 euros, e remitir á Excma. Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida.

8.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 17.850 € (IVE non incluído), con destino ó servizo consistente no asesoramento e elaboración dunha Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado para o Concello de Lalín (DUSI- Lalín 2014-2020), que permita acceder ós correspondentes Fondos Comunitarios e contratar coa empresa **“PricewaterhouseCoopers Asesores de Negocios, S.L.”** a realización do servizo descrito, segundo a proposta remitida pola mesma que se adxunta á presente, con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos.

8.7.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E VIVENDA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS MEDIDAS PROVISIONAIS ADOPTADAS NO CURSO DO PROCEDIMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN (exp. 15/01/OE).


Acordouse modificar a medida provisional acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 19 de xaneiro de 2015, descartando a opción de realizar os traballos por medios propios municipais e procedendo á súa contratación coa entidade que, de seguido, se cita (**procedemento de orde de execución - exp. 15/01/OE**), e contratar a realización de tales traballos coa entidade REPARACIÓNS E REFORMAS ALBARIZA, S.L., autorizar e comprometer o gasto correspondente, por importe de 6.132,87 euros (IVE incluído) e aprobar a *“Memoria de peche de edificio sen rematar no SUE-4 Lalín”*, de data febreiro de 2015, redactada para o efecto polo arquitecto técnico municipal, segundo a cal se realizarán os traballos. Na súa condición de interesados no procedemento, notificar este acordo ás entidades SAREB, S.A., ALISEDA, S.A. e CANVIVES, S.A.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Dáse conta do escrito remitido pola **Delegación do Goberno en Galicia de data 19 de febreiro de 2015, número de rexistro de entrada 1021**, coa que se achega resolución de autorización renovación funcionamento de 9 videocámaras fixas na Casa do Concello de Lalín.

9.2.- Acordouse autorizar a expedición da tarxeta de armas Tipo A a favor de





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

interesado, con validez de 5 anos e en exclusiva para o termo municipal de Lalín, para a arma co número de serie 13H00220, considerando que se encadrada na categoría 4ª.1 das recollidas no artigo 3 do RD 137/1993, de 29 de xaneiro, e denegar a expedición da tarxeta para as armas cos números de serie 4G00249 e 13I03597 por non ter acreditado documentalmente o tipo de arma de que se trata e as súas características técnicas.

